



Que pasa en Redondela con Urbaser? Que pasa cos servizos privatizados? Quen controla ao controlador descontrolado???

Chegáronnos **varias queixas da veciñanza** sobre a suba da taxa da recollida do lixo, nas que nos transmitiron que **pasaron de pagar cota reducida a pagar a cota normal**. A maioría destas reclamacións veñen porque os veciños non tiveron recollida diaria no ano 2014 ou porque viven a máis de 100 metros do contedor máis próximo, ou por unha combinación das dúas causas.

O que di a ordenanza fiscal publicada na páxina web do Concello:

1) Recollida e tratamento do lixo:

1.1 Vivendas

1.1.1. *Cuota normal (servizo diario): 71 euros/ano.*

1.1.2. *Cuota reducida (servizo non diario): 35 euros/ano.*

1.2.4. *A cuota para tódalas vivendas ou establecementos (non incluídos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.*

Vistas as resolucións de alcaldía denegando aos usuarios o pago da cota reducida, deducimos que:

1) No caso de vivir a máis de 100 metros da zona de recollida, o Concello interpreta como zona de recollida a parroquia, barrio,... e non o contedor máis próximo á vivenda ou establecemento do usuario.

2) No caso de servizo non diario, interpretan que a veciñanza que alega esta causa non di a verdade, e que o lixo estase a recoller diariamente; ou sexa, acreditan na palabra de Urbaser e non a da veciñanza.

Temos coñecemento dun caso moi curioso. Un grupo de veciños que vive a máis de 100 metros do contedor máis próximo e que non tiñan servizo diario, fixeron a correspondente reclamación cando lles chegou o aumento da taxa. A reclamación veulle denegada. Iso si, **a partir da primeira reclamación, procederon a pasar a recoller o lixo a diario; cousa que ningún**

veciño pediu por non ser necesario nesa zona (os contedores non ían nin medio cheos) e polo tanto, un aumento do gasto innecesario. Ou sexa, URBASER estivo recollendo o lixo tres días á semana en contedores que non ían cheos, e ante a reclamación, pasa a recollelo diariamente a finais do ano 2014. **O Concello fai caso omiso desta información e denega a reclamación dos veciños.**

Estes camiños pasaron **sen previo aviso nin consulta á veciñanza**, de xeito unilateral, ou ben a criterio do Concello ou ben da empresa concesionaria, de servizo alterno (tres días á semana) a diario (6 días).

Os veciños destas zonas invitan aos representantes do Concello a que comproben por eles mesmos que dita recollida diaria nestas zonas non é necesaria, visto o pouco contido que levan os contedores.

Por outra parte, o que se está reclamando é que o pago da recollida do lixo DO ANO 2014 sexa polo servizo que se lles deu, que foi o de 3 días/semana. Solicítase a Urbaser que confirme que realmente este foi o servizo ofertado.

Sobre este tema preguntamos no Consello Parroquial de Cedeira do 27/08/2014, ao igual que un representante veciñal; respondendo a concelleira Ana Alonso que estaban revisando con URBASER o padrón, que había vivendas que tiñan recollida diaria e pagaban alterna, e que o importante é detectar aos usuarios que non pagaban e dalos de alta.

O que si falta nestas zonas son contedores de reciclaxe. Debe ser que como isto non implica un aumento da taxa, non debe ser necesario colocalos.

Os membros do equipo de goberno deberían saber que **canto máis e mellor reciclamos menos paga o Concello pola recollida**. Polo menos isto contaban na campaña de concienciación que se fixo a carón do Concello.

O equipo do goberno do PP asina un convenio con Fenosa para derrubar o edificio, ao carón do Alvedosa, sen consultar con ninguén

En maio do 2012, AER levou ao pleno unha moción relativa a esta construción, proposta que foi aprobada por unanimidade e que dicía: *"Que o equipo de Goberno, faga as xestións oportunas para converter o espazo que ocupan estas instalacións nunha zona verde ou de equipamento para uso dos veciños de Redondela, xa que a noso entender FENOSA non lle está a dar uso a esta edificación, tendo en conta o estado ruinoso no que se atopa"*.


No convenio asinado recentemente polo Concello, acórdase o derrubamento da edificación, cando se lle poderían dar moitos usos/servizos ao edificio: actualmente os Servizos Sociais están nun local ao que non poden acceder comodamente as persoas con mobilidade reducida, e nun lugar no que o seu acceso para estas persoas non é o mellor de todos: rúa estreita, en costa, escaleiras, ... (o coche hai que deixalo nunha zona bastante distanciada).

Por outra banda, **descoñecemos se o Concello** fixo un estudo previo sobre a necesidade dun local social para Redondela, é dicir, se **ten constancia de que diversas entidades e/ou asociacións de Redondela necesitan dun local** no que poder levar a cabo diversas actividades, cursos, etc., das que se benefician todos os veciños.

Con independencia de arranxar ou derrubar o edificio, hai algo que non se entende. Quizais o noso entendemento sexa limitado, pero **o Concello paga o 40 % das obras:** por que? Quen ten a obriga de manter o edificio en bo estado? Será o propietario, non?

O Concello comprométese a abonar a cantidade de 59.609,76 €, cantidade que se o dividimos entre os 336 m2 que ten a parcela, o resultado é que **o Concello está pagando o terreo a 177, 41 €/m2**. Pois si que está ben pagado o terreo!, sobre todo tendo en conta que se trata dun terreo con diversas afectacións: linda co río Alvedosa, moi próximo á ría, e cunha instalación eléctrica (por certo, propiedade de Fenosa que segue sendo a propietaria do subsolo).

Segundo o convenio, **o Concello paga o 40% do total**, que comprende tanto a obra civil (derrubamento da vivenda) como a obra



eléctrica (obras para levar a cabo o soterramento das instalacións). Non entendemos por que o Concello (nós e todos vós), cos nosos impostos, temos que pagar parte do derrubamento dunha construción que ten propietario, e parte da obra eléctrica que ten que facer Fenosa. Como entidade que subministra a enerxía e cobra por elo, terá que ter as súas instalacións nas mellores condicións para prestar o servizo, ou non?

Nós pensamos que de comprarse o terreo, deberíase pagar o valor do terreo tendo en conta todas as súas afectacións. Sen embargo, **o arquitecto municipal ve interese público na actuación e ve proporcionada a cantidade aportada polo Concello (o mesmo arquitecto que valorou en só 27,78 €/m2 o solo industrial para Plastic Omnium).**

E cal vai ser o destino de dito terreo? Vaise construír un parque? Porque nas inmediacións xa existe outro parque. Preguntámonos isto porque cando no pleno de maio do 2012 se tratou isto por iniciativa de AER, **o voceiro do PP, que era Alberto Pazos, ensinou uns papeis dun anteproxecto que dicía que tiña para a zona en cuestión. Aínda non tivemos acceso a este documento a pesar de que o pedimos por rexistro.**

Ao final o Concello compra un terreo enriba dun transformador, porque o dereito de uso e aproveitamento do subsolo pertence a Fenosa, o que implica que o uso do terreo vai estar limitado polas instalacións que van ir soterradas.

Estamos ante outro exemplo da falta de transparencia do goberno local do PP, e da súa xestión de feitos consumados sen consultar á corporación.

O PP defende os intereses das grandes empresas e non o da veciñanza. Que ben negocia o noso alcalde!

- **Prezo proposto polo arquitecto municipal para a venda de terreos do Concello a Plastic Omnium:** 27,78 euros por metro cadrado.

- **Prezo que paga o Concello pola finca de Fenosa:** 177, 41 euros o metro cadrado.

O terreo vendido a Plastic Omnium é terreo situado en zona industrial, é dicir, váiselle quitar un rendemento económico.

O terreo comprado a Fenosa padece diversas afectacións: linda co río Alvedosa, moi próximo á ría, e cunha instalación eléctrica.

Igual trabucámonos, porque a finca de Fenosa tamén terá un uso "industrial", xa que se van a soterrar nel as instalacións da empresa, pero pensamos que non, xa que Fenosa seguirá sendo a propietaria do subsolo.

En definitiva, consideramos que o valor do metro cadrado da finca vendida polo Concello a Plastic Omnium, por sentido común, non debería diferir moito do da finca comprada polo Concello a Fenosa. Sendo xenerosos e igualando o valor potencial das fincas, utilizando a valoración feita polo arquitecto municipal, **pagámoslle a Fenosa de máis:** 149.63 euros por metro cadrado. **Unha de dúas, ou vendemos moi barato a Plastic Omnium, ou compramos moi caro a Fenosa. Isto da que pensar, non?**

Imos seguir coas comparacións.

Prezos propostos por Fomento para as expropiacións motivadas pola ampliación da ponte de Rande:

- **Fincas rústicas:** 8 euros o metro cadrado.

- **Fincas edificables:** 90 euros o metro cadrado.

- **Prezo que paga o Concello pola finca de Fenosa:** 177, 41 euros o metro cadrado

Utilizando a valoración feita por Fomento, pagámoslle a Fenosa de máis:

* 87.41 € no mellor dos casos, se a finca de Fenosa fora edificable.

* 169.41 € no peor dos casos, se a finca de Fenosa a consideramos rústica.

A veciñanza afectada pola ampliación queda sen seus terreos e vivendas de forma forzosa debido a unha obra innecesaria rexeitada pola maioría da poboación redondelá. Mentres Fomento ofrécelles unha miseria a cambio.

Fenosa deixa que unha propiedade súa, a casa, se deteriore ata converterse nunha ruína que ameaza a seguridade das persoas que deambulan pola súa proximidade. Tamén podería soterrar a instalación que existe nesa casa, xa que está nunha zona urbana. E despois de arredor de 2 anos de negociación, pois en xuño de 2012 aprobouse a moción presentada por AER para recuperar este espazo. O alcalde firma un convenio no que o Concello paga 59.609,76 € a Fenosa (o 40% das obras) a cambio da superficie dun solar de 336 metros cadrados. E dicimos a superficie porque hai que lembrar que o subsolo seguirá sendo de Fenosa.

Estas son as grandes negociacións do PP de Redondela. E iso que Fenosa quere vender, os veciños de Trasmañó e Chapela non, e Plastic Omnium quere mercar!!! Venden barato o que é de toda a veciñanza e compran caro o que é das grandes empresas. Nada que nos sorprenda, é a práctica habitual deste partido en todos os ámbitos.

Esperamos que o Sr. Alcalde faga uso das súas grandes dotes de negociación e sexa quen de conseguir uns prezos semellantes de Fomento para a veciñanza afectada pola ampliación da AP-9, como os que el decidiu pagar cos nosos cartos a Fenosa. Xa que non foi quen de parar a ampliación, como prometeu na campaña electoral o seu partido, é o mínimo que podería facer. Aínda que nós, visto o visto, temos claro os intereses que defenden os membros do PP. (ver titular)

E de repente... chegou a pasta!!! (saneamento)

O mes pasado, saía unha nova na prensa na que se dicía: "...a extensión da rede de saneamento nas parroquias de O Viso, Vilar de Infesta, Santo Estevo de Negros, Cabeiro, Cedeira e o centro urbano de Redondela".

Descoñecemos o número de novos aboados a Aqualia, pero facendo as contas polo termo fixo de saneamento, sabemos que supoñen uns 1.000€/ano por cada 10 novas altas, ao que hai que engadir o importe por consumo.

Esta é a segunda parte do conto que non se conta, porque o canon fixo de saneamento supón para a Aqualia máis de 800.000€, que pagamos os usuarios, ao que se engade, segundo informe de intervención nos orzamentos pechados de 2013:

"... existe un gasto de 173.364,16 € pola depuradora de Redondela e un gasto de 186.617,21 € polo servizo que presta a depuradora de Teis." Supoñen 359.981,37€ máis.

Lembrando que ademais están os ingresos por consumo, polo que **Aqualia parte de 1.200.000€ fixos; máis consumos. ¡NON ESTÁ MAL!**

A pesares dese "pequeno" rendemento que obtén a empresa adxudicataria de dito servizo, polo que se ve na noticia respecto do tramo urbano de Redondela, **entende o Sr. Alcalde e o seu equipo que esta empresa non ten a obriga, por contrato, de mellora e mantemento da rede existente. ¿NON?.** É dicir, non só se lle levan adxudicado contratos de reparación, pagados con cartos do Concello, senón que ademais facilítase que estes "pobriños" metan para a súa buchaca máis de 100€ por novo aboadado (mínimo) limpos de polvo e palla.

"No centro urbano de Redondela, renovarase a rede de saneamento e abastecemento da rúa Espírito Santo; en concreto cambiaranse as

antigas tubaxes de formigón e fibrocemento, e dotarase a esta zona de redes de baixa tensión e comunicacións ata agora inexistentes."

Este servizo foi PRIVATIZADO POLA ANTERIOR CORPORACIÓN:

- *Data de contratación: sete de novembro de mil novecientos noventa e tres.*

- *Prazo: vinte cinco anos contados dende a data de comezo do contrato.*

- *Non constan prórrogas.*

Polo cal, **o contrato remata no 2018, "NO PRÓXIMO MANDATO"**. Cousa que dende AER levamos anos analizando e que **nas vindeiras eleccións municipais, a cidadanía deberá ter presente a quen lle concede a capacidade de negociar e decidir sobre que facer con este servizo "PÚBLICO"**.

Outro servizo público sobre o que tamén haberá que tomar decisións é o da piscina de Chapela.

Así que vostedes, cidadanía de Redondela, non perdan de vista o tipo de decisións que haberá que adoptar dende o goberno do Concello, e **procuren non verse despistados por tanta festa e inauguración (que terá costes de mantemento) nun Concello que ten o privilexio de estar entre os últimos en inversión social por habitante.**

E aquí vai a despedida: Sr. Alcalde, vistas tantas obras para este fin de lexislatura (**nos outros tres anos disque non había cartos**), non esqueza que vostede está aí para xestionar e non para sacarse fotos, e non esqueza que contratou unha secretaria para "coordinar" e non a contratou como fotógrafa.

PD: Xa que están a rematar o que iniciou D. Xaime Máximo Rei, invítarano ás inauguracións?. En catro anos déronlle vostedes un xiro de 360º a este Concello.

Tódolos martes, asemblea aberta de AER na casa da cultura ás 19:30

En AER queremos recoller propostas e ideas da veciñanza para configurar un programa electoral para o 2015

Correo electrónico: info@aeredondela.com
Correo postal: Paseo da Xunqueira, 33-1º

Síguenos en
www.aeredondela.com
aerforo.foroactivo.com



Non me tires, pásame ou recíclame!!!

PAPEL RECICLADO

BOLETÍN Nº25

19 XANEIRO 2015